

RESOLUCIÓN DE APROBACIÓN

Asunto: Plan Estratéxico de Estradas de Galicia.

ANTECEDENTES

As infraestruturas viarias son un elemento clave para fomentar a competitividade da economía e estratéxico para a consecución dun modelo territorial equilibrado, tanto nas súas relacións internas como co exterior. E, en relación a iso, nas últimas décadas, estas experimentaron un considerable crecemento. Ao mesmo tempo, a expansión territorial dos ámbitos de relación modificaron notablemente as pautas de mobilidade demandadas, de forma que, na actualidade, a eficiencia das redes de transporte e comunicacións convértese nun factor decisivo para garantir o correcto desenvolvemento rexional.

A Axencia Galega de Infraestruturas é unha axencia pública autonómica, adscrita á Consellería de Vivenda de Planificación de Infraestruturas da Xunta de Galicia, que se encadra dentro das entidades públicas instrumentais reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia.

A Axencia Galega de Infraestruturas ten como obxectivos básicos impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de estradas e, en especial, a planificación, proxección, construción, conservación e explotación das estradas que sexan competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, que constitúen a Rede Autonómica de Estradas de Galicia, e os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nelas, así como garantir o uso e defensa do patrimonio viario.

Nese eido, a Axencia Galega de Infraestruturas promoveu a elaboración do Plan Estratéxico de Estradas de Galicia, que é o documento que recolle aqueles aspectos de análise e diagnóstico da rede de estradas que contribúen ao entendemento da situación actual, así como á definición e encadre dos obxectivos e estratexias do Plan. Preséntanse tamén os criterios de actuación que se perseguirán no desenvolvemento do Plan, así como os programas nos que se propón estruturar as actuacións, xunto cunha proposta das súas determinacións e dos demais aspectos básicos que estableza o Plan.

O obxecto fundamental que se persegue co Plan Estratéxico de Estradas de Galicia é o de minimizar os problemas e carencias detectados en materia de estradas na Comunidade Autónoma de Galicia, así como lograr a satisfacción das demandas de tráfico e mobilidade, contribuíndo ao mesmo tempo á ordenación e reequilibrio territorial de Galicia.



CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

De acordo con o artigo 1.3 dos Estatutos da Axencia Galega de Infraestruturas, aprobados polo Decreto 173/2011, do 4 de agosto, a esta correspóndelle planificar, proxectar, construír, conservar e explotar as estradas que sexan de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, así como os servizos que se poidan instalar ou desenvolver nas citadas infraestruturas.

Ademais, as letras a) e e) do artigo 7.1 dos citados Estatutos atribúenlle á Axencia Galega de Infraestruturas o desenvolvemento das funcións de elaboración de directrices de coordinación e planificación que garantan a coherencia e funcionalidade das infraestruturas viarias de titularidade da Comunidade Autónoma, e a elaboración dos plans, programas de actuación e orzamentos, en relación coas citadas infraestruturas viarias.

Por outra banda, segundo o artigo 13.3.n) dos citados Estatutos correspóndenlle á Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas o resto das atribucións relacionadas co exercicio das funcións da Axencia Galega de Infraestruturas que se establecen no artigo 7 dos seus Estatutos, cando non estean expresamente atribuídas a outros órganos neles ou noutras normas de rango legal ou regulamentario.

Logo de todo o que antecede, RESOLVO:

- 1 **Aprobar o Plan Estratéxico de Estradas de Galicia**, coa finalidade de que sirva como instrumento de planificación para o desenvolvemento dos programas de actuación previstos no dito documento que promova a Axencia Galega de Infraestruturas.

Santiago de Compostela, á data da sinatura dixital

O director da Axencia Galega de Infraestruturas

Francisco Menéndez Iglesias

(documento asinado dixitalmente)

